



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter


Xullo 2021

ARQUITECTURA |

Nova cuberta telescópica para as piscinas exteriores do Multiusos Fontes do Sar

O Consorcio licitou a instalación dunha cuberta telescópica para as piscinas exteriores do Multiusos Fontes do Sar por 1.126.000 €. O vello globo presostático removible que se coloca na temporada de inverno e se retira na de verán, presenta problemas de mantemento, estabilidade e eficiencia enerxética. Prevese que a nova cuberta, que poderá abrirse e pecharse de xeito inmediato, estea rematada a vindeira primavera.

Mellorarase a iluminación grazas ao peche con vidro transparente e a un sistema interior de iluminación máis eficiente. Optimizarase a ventilación e a climatización. Ademais, ampliarase o espazo dispoñible e engadirase unha zona de contraste con sauna e baños turcos.



O Consorcio de Santiago fai visible o ciborio da igrexa de San Frutuoso

O Consorcio está a intervir na igrexa de San Frutuoso, en colaboración coa Dirección Xeral de Patrimonio, que asumiu o pintado das fachadas norte e sur. Estase a realizar a renovación completa da cuberta, así como a restauración e limpeza de todos os elementos en pedra da fachada principal, incluída a sillería. Igualmente está previsto actualizar os elementos metálicos do campanario. Esta intervención, que supera os 200.000 €, descubriu a “nova” visibilidade e expresividade que acaba de adquirir o ciborio logo de revocalo e pintalo.

EXPOSICIÓNS |

Ata setembro a exposición homenaxe ao ourive Julio Lado na Casa do Cabido

A exposición “Lado, unha saga de ourives composteláns” poderá visitarse na Casa do Cabido ata o vindeiro mes de setembro; de martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas, e os domingos de 11:00 a 14:00 horas. É unha homenaxe ao ourive Julio Lado e á súa familia. A mostra reúne pezas de prata realizadas con técnicas centenarias en perigo de desaparición como o cincelado e o repuxado.



MÚSICA |

A Real Filharmonía de Galicia celebra o seu 25º aniversario cunha gala lírica

A Real Filharmonía de Galicia daba os seus primeiros pasos o 29 de febreiro de 1996. Para celebralo, o 29 de xullo ofrecerá un concerto gratuíto na Praza da Quintana, ás 21:00 h. Será unha gala lírica dirixida por Paul Daniel. O aforo máximo permitido será de 700 persoas e os convites pódense retirar no Teatro Principal -de 17:00 a 21:00 h- ou en www.ataquilla.com. Ademais, o concerto retransmitirase en directo por streaming a través da canle de Youtube da RFG.

No marco do “Xacobeo 2021-2022”, Luz Casal cantará xunto á RFG o 21 de xullo na Praza do Obradoiro. O 6 de agosto a orquestra participará no Festival Hércules Brass de Celanova e o 12 no Festival Internacional de Santander xunto ao trompetista Pacho Flores.

